

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E O CONCELLO DE FERROL PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN PARA O EMPREGO IMPARTIDA POLO CENTRO MUNICIPAL DE EMPREGO DO CONCELLO DE FERROL

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

Dunha banda, Zeltia Lado Lago, directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, nomeada polo Decreto 164/2020, do 24 de setembro (DOG núm. 195, do 25.09.2020), actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do artigo 3.2 da Orde do 29 de setembro de 2021 sobre delegación de competencias (DOG núm. 195, do 08.10.2025).

Doutra parte, Javier Pastor Díaz Mosquera, na súa calidade de concelleiro delegado da Área de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención cidadá, Organización Interna e Contratación, nomeado por resolución da alcaldía de data 19/06/2023 (BOP núm. 121 do 27.06.2023), actuando en nome e representación do Concello de Ferrol en virtude do acordo da XGL do 11/12/2023 sobre delegación de competencias (BOP núm. 241, do 20.12.2023) con NIF P1503700E e enderezo en Praza de Armas, s/n, 15402 Ferrol.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que, segundo o artigo 140 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 02.10.2015), as diferentes Administracións Públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vencellados ou dependentes destas de acordo, entre outros, co principio de colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

Segundo.- Que entre as competencias que en materia laboral lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao establecido no artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está a promoción do emprego e a formación profesional ocupacional, tendo atribuído o seu exercicio a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de conformidade co establecido no Decreto



69/1993, de 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servizos transferidos en materia de formación profesional ocupacional.

Terceiro.- O artigo 29 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG núm. 101, do 27.05.2024) atribúe á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, entre outras, as competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións da Consellería en materia de Formación Profesional para o Emprego en toda a súa extensión incluídos os graos A, B e C da Lei orgánica 3/2022, de 1 de marzo, sen prexuízo das competencias da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e en coordinación con ela, de cualificación profesional, intermediación e orientación laboral, promoción da empregabilidade.

Cuarto.- Que o artigo 7.3 da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego (BOE núm. 51, do 01.03.2023) expón que corresponde ás Corporacións Locais, no marco das súas competencias, a colaboración e cooperación coas demais administracións para o logro dos obxectivos da política de emprego establecidos no artigo 4 e demais contidos na lexislación de referencia, sendo de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego.

Os servizos públicos de emprego das Comunidades Autónomas, en execución dos servizos e programas de políticas activas de emprego, poderán establecer os mecanismos de colaboración oportunos coas entidades locais.

Recoñécese a singularidade institucional das Corporacións Locais na posta en marcha e desenvolvemento das políticas de emprego, que se articulará a través do principio de cooperación e de convenios con outras Administracións.

Quinto.- A Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional ten por obxecto a regulación do réxime de formación profesional e de acompañamento profesional que, servindo ao fortalecemento, a competitividade e a sustentabilidade da economía española, sexa capaz de responder con flexibilidade aos intereses, ás expectativas e ás aspiracións de cualificación profesional das persoas ao longo da súa vida e ás competencias demandadas polas novas necesidades produtivas e sectoriais tanto para o aumento da produtividade como para a xeración de emprego.

Esta lei, no seu artigo 5, indica que o Sistema de Formación Profesional está composto polo conxunto articulado de actuacións dirixidas a identificar as competencias profesionais do mercado laboral, asegurar as ofertas de formación idóneas, posibilitar a adquisición da correspondente formación ou,



no seu caso, o recoñecemento das competencias profesionais, e poñer ao dispor das persoas un servizo de orientación e acompañamento profesional que permita o deseño de itinerarios formativos individuais e colectivos.

É función do sistema de Formación Profesional o desenvolvemento persoal e profesional da persoa, a mellora continuada da súa cualificación ao longo de toda a vida e a garantía da satisfacción das necesidades formativas do sistema produtivo e do emprego, que se desenvolverá conforme a un modelo de formación profesional, de recoñecemento e acreditación de competencias e de orientación profesional baseado en itinerarios formativos facilitadores da progresión na formación.

Este modelo asegurará, en todo caso, a apertura da formación profesional a toda a poboación, incluíndo a preparación para o primeiro acceso ao mundo laboral, a formación profesional continua e a readaptación profesional, coa orientación profesional e acompañamento que cada persoa precise, así como a achega dos coñecementos e as habilidades profesionais necesarios para unha actividade profesional cualificada nun mundo laboral cambiante; a adquisición, mantemento, adaptación ou ampliación das habilidades e competencias profesionais e o progreso na carreira profesional; e a participación no procedemento de recoñecemento e acreditación de competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral ou outras vías non formais ou informais.

Sexto.- O Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional (BOE núm. 174, do 22.07.2023) ten por obxecto o desenvolvemento do sistema único e integrado de Formación Profesional regulado pola Lei Orgánica 3/2022, que permita, por unha parte, a cualificación e recualificación permanente das persoas mozas e das persoas traballadoras, ocupadas ou desempregadas, ao longo de todo o seu período vital e laboral e, por outra, o axuste entre a oferta formativa -en todos e cada un dos seus grados- e a demanda de traballo, incorporando e integrando na formación as transformacións froito da dixitalización, a transición ecolóxica e a sostibilidade en todos os sectores económicos, todo iso dende o traballo conxunto e compartido de todas as administracións ás que lles corresponda a xestión da Formación Profesional en cada territorio.

Sétimo.- As institucións que asinan este convenio comparten a crenza de que o capital humano é unha inversión prioritaria. Por iso, é necesario a ampliación e mellora das cualificacións, competencias, habilidades e da empregabilidade das persoas desempregadas e ocupadas, sinaladamente mediante a detección e atención das súas necesidades e intereses formativos e de readaptación profesional, así como a adaptación do seu perfil profesional ás demandas de empresas e sectores produtivos.



Oitavo.- O decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, atribúelle á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego a dirección, coordinación, programación e xestión das actuacións da Consellería en materia de formación profesional para o emprego en toda a súa extensión, incluídos os graos A, B e C da Lei orgánica 3/2022, do 1 de marzo, sen prexuízo das competencias da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e en coordinación con ela, de cualificación profesional, intermediación e orientación laboral e promoción da empregabilidade.

Correspóndelle exercer as funcións, entre outras, de dirección, programación e xestión das funcións atribuídas á Consellería en materia de formación para o emprego, formación no traballo, cualificacións e recualificacións profesionais ao longo da vida laboral; así como, a coordinación da xestión e supervisión do funcionamento dos centros de formación, tanto propios como dependentes doutras entidades.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece anualmente a programación de accións formativas de formación profesional para o emprego dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas, que teñen por obxecto a súa cualificación profesional.

Noveno.- O Concello de Ferrol, a través do Centro Municipal de Emprego, realiza a seguinte proposta formativa:

Denominación e código do certificado profesional	Nivel cualificación	Número de edicións	Horas PRL	Horas contidos específicos	Horas formación en empresa
Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial (FMEC0108)	2	1	60	397	133
Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo consumible, soldeo "MIG/MAG" (FMEC0119)	2	1	60	367	123
Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais (SSCM0108)	1	1	60	150	80
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208)	2	2	60	337	113



Esta proposta formativa recóllese no proxecto "Ferrol Emprega +" que contempla o desenvolvemento de itinerarios de inserción laboral que están vencellados aos mencionados certificados de profesionalidade, dirixidos a persoas desempregadas non ocupadas, na súa maioría pertencentes a colectivos máis afastados do mercado laboral que deberán estar empadroadas no termo municipal de Ferrol.

Este proxecto finánciase a través da Resolución do 26.11.2024, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, publicada no BOE núm.: 287 do 28.11.2024 que resolve a convocatoria para a selección de proxectos de formación para o emprego promovidos por entidades locais financiados polo Programa de Emprego, Educación, Formación e Economía Social, do Fondo Social Europeo Plus (FSE+), do período de programación 2021-2027, concedendo unha axuda de 642.315,49 € para a execución do proxecto denominado "Ferrol Emprega +" presentado polo Concello de Ferrol cun custe total elixible de 1.070.525,82 €.

A través da Resolución do 30.10.2025 da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local autorízase a modificación do proxecto OP105 "Ferrol Emprega +", concedendo unha axuda de 372.096,39 € para a execución do proxecto "Ferrol Emprega +" cun custe total elixible de 620.160,66 €.

O número de edicións dos itinerarios a desenvolver poderá verse reducido en función das necesidades de modificación do proxecto, sempre previa aprobación do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, como Organismo Intermedio para a xestión dos proxectos subvencionados a través do FSE+.

O obxectivo da formación é proporcionar ás persoas participantes unha cualificación profesional que lles permita acceder con mellores condicións de empregabilidade ao mercado laboral, obxectivo que é compartido pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

A formación desenvolverase ben polo Concello de Ferrol, nas súas instalacións, sitas no Centro de Emprego, no enderezo rúa Sagrada Familia, 56, 15405, Ferrol ou ben a través da contratación de empresas ou entidades. Para estas últimas, o Concello de Ferrol inclúe nos correspondentes pregos de contratación a obrigatoriedade das empresas ou entidades licitadoras de estar homologadas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a impartición dos correspondentes certificados profesionais. O Concello de Ferrol cumprirá co establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda (DA 52ª) do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro titulada "Inclusión en el sistema de Seguridad Social de alumnos



que realicen prácticas formativas o prácticas académicas externas incluídas en programas de formación”, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2024.

En consecuencia, as partes asinantes consideran axeitado facer operativa e recíproca a colaboración para a acreditación da formación para o emprego impartida polo Concello de Ferrol, mediante o presente convenio, que se rexerá pola seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do Convenio

O obxecto deste convenio é recoller as características e condicións que debe reunir a formación proposta polo do Concello de Ferrol para que as persoas alumnas participantes que finalicen con avaliación positiva todos os módulos formativos reciban os correspondentes certificados profesionais.

As accións formativas realizaranse de forma presencial e incluírán todos os módulos formativos que integran os certificados profesionais, segundo as especificacións recollidas nos reais decretos polos que estes se regulan. Así mesmo, as prescricións que deben cumprir as persoas formadoras e os requisitos mínimos dos espazos, instalacións e equipamentos para impartir a formación, responderán aos requirimentos esixidos nos reais decretos onde se regulan os certificados profesionais e demais normativa aplicable.

Para levar a cabo as sesións que requiran presenza física permitirase o uso das instalacións do Centro de Formación Ocupacional de Ferrol, dependente da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, sempre e cando sexa posible e non incida na programación de accións formativas do centro.

Ademais da formación dos Certificados de Profesionalidade, o proxecto “Ferrol Emprega +” inclúe nos seus itinerarios de inserción laboral outra formación complementaria e transversal, acorde cos criterios do FSE+, que non será obxecto deste convenio, e que polo tanto non é obriga da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.



Segunda.- Obrigas do Concello de Ferrol

O Concello de Ferrol, nas súas instalacións homologadas, ou a través das empresas ou entidades contratadas obrígase a executar a formación á que se refire este convenio, cumprindo as condicións, obrigas e requisitos esixidos na normativa.

En todo caso, a responsabilidade da execución do presente convenio ante a Xunta de Galicia recae no Concello de Ferrol que, a tal fin, comprométese a:

1. Comunicar ó Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración correspondente, con carácter previo ao inicio das accións formativas, as entidades ou empresas contratadas para impartilos, de ser o caso, o persoal docente propio contratado, o número de prazas e o nome, teléfono e correo electrónico dunha persoa de referencia en cada unha das devanditas entidades.

2. Empregar a aplicación informática SIFO para a xestión e seguimento das accións formativas, na que se deberá introducir, nos prazos que correspondan, a documentación esixida pola Orde que regula as accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas da Comunidade Autónoma de Galicia vixente no momento do desenvolvemento das accións formativas.

Non poderá comezar ningunha acción formativa que non conte coa validación previa do persoal técnico da unidade administrativa competente, a través da aplicación informática.

3. Seleccionar ao alumnado a través de selección directa ou mediante a oferta de formación do Servizo Público de Emprego de Galicia.

De ser o caso, para o acceso ao certificado profesional de nivel 2, o alumnado deberá acreditar o cumprimento dos requisitos académicos establecidos no artigo 75 do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, sen prexuízo dos previstos na disposición adicional quinta.

Calquera que sexa a metodoloxía de selección elixida, deberá comunicarse a listaxe do alumnado á oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia correspondente para que poida validar o cumprimento dos requisitos do alumnado seleccionado.

4. Informar ao alumnado do alcance da formación e de que esta conduce á obtención dun certificado profesional, así como dos requisitos necesarios para poder participar na acción formativa. Da



comunicación desta información deberá quedar constancia mediante escrito asinado polo alumnado, que se incorporará ao expediente electrónico recollido en SIFO.

5. Expoñer no taboleiro de anuncios do centro e, no seu caso, na páxina web do centro o programa completo da acción formativa, os dereitos e obrigas do alumnado, así como a relación do persoal docente, as datas de impartición e o horario da acción formativa.

6. Subscribir os convenios ou acordos coas empresas nas que se realizará a formación en empresa, que serán postos en coñecemento das persoas que realizan as prácticas, nos que deberán describirse os seguintes aspectos:

- contido
- duración, lugar de realización e horario
- sistema de titorías para o seguimento e avaliación

7. Contratar un seguro de accidentes para o alumnado, que cubra tanto os riscos que poden ter durante o curso como os do traxecto en concepto de desprazamento ao lugar das clases teóricas, prácticas, visitas didácticas, titorías e probas presenciais.

A súa duración abarcará o período do curso, incluíndo expresamente a formación en empresa, e deberá ter a seguinte cobertura mínima:

- no caso de morte: 60.000€
- no caso de invalidez permanente: 60.000€
- asistencia médico-farmacéutica: durante un ano a partir do sinistro. Non se admitirán pólizas con franquías.

8. Contratar unha póliza de responsabilidade civil dun mínimo de 300.000 euros para facer fronte aos riscos que puidesen derivarse para os bens e as persoas cando se realicen prácticas en empresas. Non se admitirán pólizas con franquías.

9. Dispoñer dun sistema de control de presenza para o seguimento e control do alumnado e do persoal docente compatible co sistema establecido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

O control de presenza, de entrada e saída diaria, realizarase mediante o uso dun sistema de identificación seguro e unívoco baseado en código QR e/ou DNI-e, que identifique as persoas participantes e, subsidiariamente, por fallo do sistema ou imposibilidade acreditada de utilizar os medios de control citados, mediante o uso de partes de asistencia asinados. O control deberá realizarse diariamente ao inicio e ao remate de cada sesión, de ser a acción formativa en horario de



mañá ou de tarde, e catro veces ao día, de impartirse a acción formativa en xornada partida, ao inicio e ao fin da sesión de mañá e ao inicio e ao remate da sesión de tarde.

Tanto o conxunto do alumnado como o persoal docente estarán obrigados a efectuar o referido control de presenza.

A utilización dun código QR ou dun DNI-e por unha persoa distinta á titular do código ou do documento identificativo, ou a existencia de irregularidades na sinatura dos partes de sinatura, dará lugar, de acordo co procedemento establecido na Orde que regula as accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas da Comunidade Autónoma de Galicia vixente no momento do desenvolvemento das accións formativas, á expulsión da persoa infractora da acción formativa. Sen prexuízo de que as citadas incidencias podan ser detectadas a través das actuacións de seguimento e control que realice a Administración, estas anomalías deberán ser comunicadas pola entidade ao órgano administrativo competente no momento da súa detección.

No relativo á realización do módulo de formación en empresa, o control de presenza efectuarase mediante partes de asistencia que deberán asinarse diariamente ao inicio e ao remate de cada sesión, de ser a acción formativa en horario de mañá ou de tarde, e catro veces ao día, de impartirse a acción formativa en xornada partida, ao inicio e ao fin da sesión de mañá e ao inicio e ao remate da sesión de tarde.

Os datos de asistencia do alumnado deberán ser mecanizados pola entidade beneficiaria na aplicación informática COBIPE, no prazo improrrogable de 3 días hábiles desde a impartición da sesión a que se refiran.

10. Someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, tanto no relativo ao desenvolvemento das accións formativas como á súa xestión e tramitación administrativas, así como someterse ás actuacións de avaliación, seguimento e control, internas e externas.

11. Desenvolver a formación recollida con medios económicos procedentes do Concello de Ferrol ben a través de recursos propios do mesmo ou da axuda recibida polo Programa de Empleo, Educación, Formación y Economía Social do Fondo Social Europeo Plus (FSE+).

12. Finalizada a acción formativa deberán darse de alta en SIFO os resultados individuais obtidos polas persoas alumnas e solicitar os diplomas, que emitirá a Dirección Xeral de Formación e



Cualificación para o Emprego, previa verificación do cumprimento dos requisitos por parte do alumnado participante. Ademais, solicitaranse os correspondentes Certificados Profesionais.

Terceira.- Compromisos da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración obrígase a expedir os correspondentes certificados a quen o solicite e demostre ter superado os módulos correspondentes ao devandito certificado, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos neste convenio e na normativa reguladora dos certificados profesionais.

En ningún caso, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración adquirirá ningunha responsabilidade respecto daquelas persoas que puidesen participar na formación sen reunir os requisitos de acceso esixidos polos certificados profesionais ou se a formación se impartise sen cumprir os requisitos propios do certificado nin ningún compromiso ou responsabilidade económica derivada do desenvolvemento e/ou xestión da mesma.

En aras de coordinar esforzos co Concello de Ferrol e optimizar os recursos públicos no eido da formación para o emprego, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, suspenderá temporalmente a demanda de emprego ás persoas participantes soamente naquelas accións formativas previstas no proxecto "Ferrol Emprega +" que comporten a formación a acreditar obxecto deste Convenio, e mentres que as ditas accións formativas estean a desenvolverse.

Co obxectivo de solicitar a suspensión da demanda de emprego temporal das persoas beneficiarias, o Concello de Ferrol, enviará ás oficinas do Servizo público de Emprego, os correspondentes listados das persoas admitidas unicamente naquelas accións formativas previstas no proxecto "Ferrol Emprega +" que comporten a formación a acreditar obxecto deste Convenio e que se vai desenvolver para a obtencións dos Certificados de Profesionalidade recollidos no presente convenio. En todo caso, o Concello de Ferrol indicará na comunicación ás oficinas de emprego: o nome do proxecto, o nome da acción formativa, os datos das persoas participantes e datas de inicio e finalización das accións.

O Concello de Ferrol é o responsable de informar ás persoas participantes nas accións formativas do proxecto sobre a necesidade de acudir individual e persoalmente ás oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia que lles corresponda, para activar de novo a súa demanda de emprego, unha vez finalizada a súa participación na acción de formación do proxecto.



Cuarta.- Comisión de seguimento

Constitúese unha Comisión para o seguimento deste convenio, formada pola persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego ou persoa na que delegue e por unha persoa técnica da mesma Dirección Xeral; o concelleiro delegado da Área de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención cidadá, Organización Interna e Contratación ou persoa na que delegue; e unha persoa técnica designada polo Negociado de Emprego do Concello de Ferrol. Esta Comisión exercerá, principalmente, as seguintes funcións:

- Interpretación e resolución de cantas dúbidas ou conflitos se formulen na interpretación do presente convenio e a súa aplicación.
- Vixilancia e seguimento do cumprimento deste convenio.
- Calquera outra que, para o efecto, se lle encomende.

Quinta.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, e aplicándose a Lei 40/2015, do 1 de outubro; o Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo; a Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, en todo o que non contradiga ou non regule o anterior Real Decreto, e os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

As incidencias non reguladas neste marco de colaboración, que poidan xurdir na execución das accións formativas que se impartan ao abeiro deste convenio, resolveranse segundo o disposto na Orde pola que se regulan as accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas da Comunidade Autónoma de Galicia, que se encontre vixente no momento do seu desenvolvemento.

Sexta.- Rexistro

Este convenio será obxecto de inscrición no rexistro de convenios da Xunta de Galicia, tal e como establece o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As persoas asinantes do convenio manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto, consonte ó establecido nos artigos 14 e



seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e nos artigos 29 e seguintes da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Sétima.- Extinción ou resolución do convenio

Son causas de extinción ou resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento das súas cláusulas por calquera das partes.
- b) A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
- c) O mutuo acordo.
- d) A expiración do prazo sinalado na cláusula novena.

En caso de extinción ou resolución do convenio, calquera que fose a súa causa, as actuacións ás que ven referido o seu texto, e que no momento da resolución ou extinción se atoparan en curso de realización, continuarán o seu desenvolvemento ata a súa finalización.

Oitava.- Confidencialidade e protección de datos de carácter persoal

As partes comprométese a manter estrita confidencialidade respecto de calquera información que lles sexa subministrada en virtude do presente convenio, a non ser que por parte das mesmas se autorizase expresamente a súa difusión.

Este compromiso de confidencialidade farase extensible ao tratamento de calquera outros datos e informacións de carácter persoal a que as partes puidesen ter acceso como consecuencia da execución do presente convenio. Neste sentido as partes comprométese a cumprir adecuadamente e, en todo momento, as disposicións contidas na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais e en calquera outras normas vixentes ou que no futuro poidan promulgarse sobre a devandita materia, comprometéndose a deixar indemne á outra parte de calquera responsabilidade que se puidese declarar como consecuencia do incumprimento das obrigas que en materia de protección de datos de carácter persoal lles incumben a cada unha delas.



Novena.- Vixencia do convenio

Este convenio estará vixente dende o día seguinte á súa sinatura e ata o 30 de xuño de 2027, sempre que non medie denuncia dalgunha das partes formulada de forma fidedigna con tres meses de antelación, ou se dea por rematado en calquera momento por mutuo acordo entre as partes, previa comunicación polo menos cun mes de antelación, ou por causa maior.

De ser necesario, asinaranse as correspondentes addendas de actualización das actividades formativas, así coma a prórroga ou prórrogas da duración do convenio, que non suporán, necesariamente, salvo que o recollan expresamente, denuncia ou modificación do mesmo.

De conformidade, asinan este convenio no lugar e data sinalados no encabezado,

A directora xeral de Formación e
Cualificación para o Emprego

O concelleiro delegado da Área de Alcaldía, Promoción
Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación
e Atención cidadá, Organización Interna e
Contratación do Concello de Ferrol

Zeltia Lado Lago

Javier Pastor Díaz Mosquera

